



CONCELLO DE  
OLEIROS

## **DECRETO**

A medio da presente, convócase ós integrantes do órgano que se sinala á sesión que terá lugar na data, hora e lugar expresados, coa fin de tratar os asuntos engadidos na orde do día que se achega:

- **Órgano convocado:**

**Concello Pleno**

- **Data:** Xoves, 26 de marzo de 2026

- **Hora:** 20.00 h.

- **Convocatoria:** ordinaria.

- **Lugar:** Salón de Plenos (1º andar de Casa Charry).

### **orde do día**

**1º.-** Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 26 de febreiro de 2026.

**2º.-** Aprobación definitiva, se procede, do Estudio de Detalle da parcela 2.4 do SUNP I-33-R - Iñás.

**3º.-** Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual nº 16 do PXMO, de cambio de clasificación de tres parcelas en Bastiagueiro.

**4º.-** Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2026000921 ata o nº 2026001530.

**5º.-** Mocións, rogos e preguntas.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñe-los recursos seguintes:

a)- Con carácter potestativo poderá vostede interpor un recurso de reposición diante do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, dentro do prazo de un (01) mes, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.

b)- Directamente contra esta resolución poderá vostede interpor un recurso contencioso administrativo diante dos Xulgados do Contencioso Administrativo da cidade da Coruña, no prazo de dous (02) meses, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA).

No caso de desestimación presunta do recurso de reposición, desestimación que se produce polo transcurso do prazo dun (01) mes desde a presentación do recurso sen que se teña recibido a notificación da resolución correspondente, o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo será de seis (06) meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto





CONCELLO DE  
OLEIROS

presunto de acordo coa normativa específica aplicable, segundo o disposto no artigo 46.1 da LXCA citada.

Todo o anterior sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

Notifíquese a todos os membros da Corporación.

Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde e o secretario accidental, que da fe (asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

